

## NOTIFICACIÓN RESOLUCIÓN

### TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 08-05-2020, ditou a resolución con número 1126/2020 que deseguido lle notifico:

### RESOLUCIÓN

**Resolución orde de execución subsidiaria con repercusión de custos por incumprimento das obrigas de xestión de biomasa e retirada de especies arbóreas.**

#### ANTECEDENTES

Primeiro.- O día 11/12/2019 publicouse no Boletín Oficial do Estado, e o día 10/01/2020 no Diario Oficial de Galicia, unha listaxe de parcelas de propietarios/as descoñecidos/as que non cumprían coas obrigas de xestión de biomasa, concedéndose un prazo máximo de 15 días naturais para o seu cumprimento voluntario.

Segundo.- O día 21 de febreiro de 2020ponse de manifesto, a través de acta de inspección estendida polo persoal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos SA, encargada da constatación do cumprimento ou non das obrigas de xestión, o incumprimento das obrigas de xestión de biomasa e/ou das obrigas de retirada de especies nas seguintes parcelas de propiedade descoñecida, situades todas elas na parroquia de Carballo:

Ref. Catastral	Lugar	Polígono	Parcela	Liquidación provisional dos traballos de xestión biomasa
15019A04800244	A Revolta	048	00244	332,98 €
4335910NH2843N	A Revolta	-	4335910	559,66 €
6240036NH2863N	As Labradas	-	6240036	1.661,68 €
15019A08200281	A Lagoa	082	00281	257,96 €
15019A00200102	O Quinto	002	00102	25,74 €
15019A00200101	O Quinto	002	00101	104,04 €
15019A02200173	O Sisto	022	00173	38,55 €
15019A04800081	A Barreira	048	00081	79,06 €
15019A02200185	O Sisto	022	00185	85,01 €

15019A06600174	A Ponte Rosende	066	00174	861,07 €
15019A00200076	A Barcia	002	00076	1.196,27 €
15019A05000092	A Grela	050	00092	43,61 €

Terceiro.- O apartado décimo da Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas establece: *“Cando se constate a persistencia no incumprimento das obrigas incluídas no ámbito de aplicación desta instrución logo do transcurso do prazo máximo para o cumprimento voluntario outorgado na pertinente comunicación ou requirimento, o órgano que enviou este procederá do modo seguinte:*

*a) Iniciará as actuacións para o cobramento da cantidade liquidada provisionalmente.*

*b) Ordeará a execución subsidiaria, contra a cal non se admitirán recursos en vía administrativa.*

*c) Pedirá simultaneamente ao órgano competente que inicie o correspondente procedemento sancionador. A petición incluída expresamente a solicitude de que se adopte como medida cautelar o comiso da madeira procedente da corta de especies arbóreas que deban ser retiradas, de ser o caso.”*

Cuarto.- As parcelas referidas están incluídas dentro de parroquias priorizadas, polo que o custo destas actuacións será asumido polo Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, ata que o mesmo poida ser repercutido ás persoas responsables de xestión.

Quinto.- Segundo o disposto no artigo 22.6, a execución subsidiaria da xestión da biomasa non requirirá de ningunha autorización, e as persoas responsables están obrigadas a facilitar os accesos necesarios.

De acordo con todo o anterior, en uso das competencias legalmente atribuídas, RESOLVO:

**Primeiro.-** Fixar a execución subsidiaria das tarefas de xestión da biomasa e/ou retirada de especies arbóreas, segundo proceda, nas parcelas sinaladas no antecedente segundo desta resolución. A execución subsidiaria levarase a cabo a partir das 9:00 horas do día 15/05/2020 por parte do persoal designado pola Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.

**Segundo.-** Aprobar a liquidación provisional dos gastos derivados da execución subsidiaria, que, a reserva da súa liquidación definitiva unha vez realizadas as actuacións, deberá aboar a persoa responsable.

**Terceiro.-** Dar traslado ao órgano competente para incoar o procedemento sancionador, de acordo co establecido no artigo 54 da Lei 3/2007, para que se incoe o dito procedemento e se adopte a medida cautelar de comiso das especies arbóreas prohibidas.

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2019/X999/001473  
Exp. 2020/G003/001176

**Cuarto.-** O texto íntegro desta resolución estará ao dispor das persoas destinatarias na sede electrónica do Concello actuante.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

José Villán Fuertes

-----  
Mediante este documento notifícasele a vostede, pola súa condición de persoa interesada, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, vostede poderá interpor alternativamente o recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes que comezará a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación, ante o alcalde do Concello de Carballo, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses que comezará a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998 da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpor o recurso potestativo de reposición non poderá interpor recurso contencioso-administrativo mentres que aquel non se resolva expresamente ou produza efectos a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida vostede interpor calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Documento asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

Secretario

José Villán Fuertes